- 1. Necesidade de utilización dos medios de protección persoal.

2. Clasificación dos equipos e prendas de protección individual
3. Características dos equipos de protección individual
4. Protección das vías respiratorias..
5. Protección acústica
6. Homologación de prendas de protección individual.
7. Lexislación sobre prendas de protección individual

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Describen aquilo do que debe ser capaz o alumno para demostrar que logrou o obxectivo:

- Manexo dos útiles de traballo como o instrumental de laboratorio con suficiente destreza, como son os equipos de seguridade do Laboratorio e os EPIs.
- Planificación dos traballos con orde e responsabilidade.
- Recopilación da información nunha libreta diario de laboratorio.
- Respetar as diferencias, dereitos e deberes de todos, cooperar no traballo en equipo, amosar unha actitude tolerante.

ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

Almacenamento e conservación de rexistros e materiais

- Clasificación e arquivo. Documentos e rexistros. Rexistro de datos: soporte impreso e soporte informático. Clasificación da documentación do laboratorio
- Realización e control de existencias de materiais e mostras. Sistemas de clasificación, ordenación e almacenamento de produtos químicos.

Normas de boas prácticas no laboratorio

- Calidade. Normas das boas prácticas de laboratorio.
- Organización e persoal de laboratorio.
- Programa de garantía de calidade. O control de calidade.
- Organización do laboratorio. Tipos de laboratorio.
- Procedementos normalizados de traballo.
- Erros no laboratorio. Tratamento estatístico dos resultados.

Seguridade no laboratorio

- Factores de risco do traballo. Normas de seguridade. Plan de emerxencia. Comité de seguridade e hixiene.
- Infraestrutura do laboratorio. Características e dispositivos de seguridade. Vitrina de gases e seguridade das redes de servizos. Riscos debidos a aparellos, materiais e reactivos. Prevención e extinción de incendios. Plan de emerxencia do laboratorio. Sinalización.
- Hábitos de traballo e persoais en operacións de laboratorio. Uso de equipos de protección persoal.
Actuacións en caso de accidente.
- Sustancias químicas perigosas. Clasificacións, pictogramas e indicacións de perigo. Control de almacén.

Prevención de riscos ambientais no laboratorio

- Hixiene industrial, enfermidade profesional e contaminante industrial. Obxectivos da hixiene industrial.
- Medida de contaminantes ambientais no laboratorio mediante dispositivos de detección e medida.
Ambiente de traballo. Relación cos contaminantes físicos.

- Residuos de laboratorio. Instrucciones para eliminar pequeñas cantidades de productos químicos.

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Aula de informática con ordenadores persoais en liña, equipados con Internet, e o sistema operativo necesario.
- Instrumental e material necesario para realizar estudos de avaliación e toxicoloxía de determinados produtos químicos.
- Utensilios de Prevención de Riscos Químicos: uso de guantes, mascarillas, gafas, bata de laboratorio, etc.
- Instrumental para realizar esterilizacións e desinfeccións de equipos e materiais empregados no laboratorio.
- Bibliografía específica relativa a normas de seguridade no laboratorio, asemade como legislación sobre manexo e almacenamento de produtos químicos.
- Manuais para manexo de equipos contraincendios do laboratorio e de equipos para prevención de accidentes: duchas, duchas lavaollos, etc.
- Elaboración dun Plan de Emerxencia actualizado para o laboratorio.

Bibliografía específica

- MARTÍNEZ DE LA CUESTA PEDRO J. Seguridade en los riesgos Químicos y Físicos. Ed. Edinfer. Málaga, 1991.
- Manual de seguridade en laboratorios químicos. Panreac química. 1997
- GUY, K. Organización y Administración de laboratorio. Ed. Urmo. Bilbao, 1970.
- CORTÉS DÍAZ, J. M^a. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tébar. 1999.
- D. BERNABEI. Seguridade. Manual para Laboratorios. Merck. 1994.
- DELAFUENTE Y FRUTOS. Toxicología y Seguridade Química: Evaluación del riesgo químico. Ed. Comunidad de Madrid. 1995.
- RODRÍGUEZ PÉREZ, C y Otros. Técnicas de organización y seguridade e el laboratorio. Ed. Síntesis.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Resolver cuestións practicas sobre as boas practicas de laboratorio.
- Realizar unha recopilación de datos, determinación de parámetros estadísticos e representación grafica sobre unha de terminada técnica analítica.
- Propor medidas preventivas puntuais para evitar os riscos hixiénicos causados por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
- Inspeccionar e controlar axentes físicos contaminantes en ambientes de traballo.
- Elaborar plans de hixiene industrial a partir da normativa vixente e de obxectivos ou políticas que fixa a empresa, e aplicarlos adecuadamente.
- Xestionar o aprovisionamento, a conservación e o uso de equipamentos de protección individual para asegurar que se dispoña deles no momento e no lugar axeitados.
- Responder en tempo e forma en condicións de emerxencia.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Realizar unha proba escrita que inclúa un cuestionario.
- Presentar un traballo sobre diversos temas de seguridade.

- Realizar un informe de cada visita efectuada (se é o caso).
- Observación directa en clase.

A proba escrita sera o **60%** da nota global, A observación na aula sera o **15%** da nota global e a realización de traballos escritos sobre seguraza sera do **25%** da nota

MÓDULO: QUÍMICA-ANÁLISES QUÍMICAS

OBXETIVOS ESPECÍFICOS

1-. Parte Teórica:

- Saber recoñecer elementos e compostos químicos tanto pola súa fórmula como polo seu nome.
- Coñecer, de forma elemental a estrutura atómica así como os distintos tipos de enlace químico e a influencia do mesmo nas propiedades químicas dos distintos compostos.
- Manexar con soltura as distintas formas de expresar a concentración dunha disolución, así como os cálculos necesarios para a preparación das mesmas.
- Saber manexar a información contida nunha reacción química e establecer tanto os cálculos estequiométricos coa mesma como as implicacións de índole enerxética.
- Entender o concepto de equilibrio químico e as súas implicacións a través da constante de equilibrio e os factores que a modifican.
- Manexar e utilizar de forma correcta os conceptos de acidez e basicidade dunha disolución, o concepto de pH e os procesos de neutralización, hidrólisis e medios tamponados.
- Dominar de forma clara o concepto electrónico de oxidación-redución e a actuación de oxidantes e reductores nos procesos redox. Entender e utilizar de forma correcta o potencial redox dun sistema e a información contida na serie electroquímica.
- Entender o fenómeno da precipitación en química e o equilibrio de sales pouco solubles, así como o concepto de solubilidade e a súa aplicación na formación e disolución de precipitados.
- Adquirir nocións elementais sobre as peculiaridades do átomo de Carbono e a natureza dos compostos orgánicos. Saber reconocer os distintos grupos funcionais orgánicos e a nomenclatura elemental dos hidrocarburos.

2-. Parte Experimental:

2-1-. Análise Cualitativa

- Identificación cualitativa dos cationes dos grupos III, IV, V e VI da marcha analítica do carbonato
- Ensayo de recoñecemento dalgúns anións

2-2-. Análise Cuantitativa

2-2-1-. Volumetrías ácido-base

- Normalización de disolucións de ácidos e bases
- Determinación do contido de carbonato e bicarbonato dunha mostra
- Determinación do contido en ácido dun vinagre comercial

2-2-2-. Volumetrías de formación de complexos

- Complexometrías
- Determinación de calcio
- Valoración do contido en magnesio dunha mostra
- Determinación da dureza dunha mostra de auga

2-2-3-. Volumetrías redox

- Normalización de disolucións
- Permanganimetrías
- Yodimetrías
- Determinación da concentración dunha mostra de auga oxigenada
- Contenido en cloro libre dunha lejía comercial

2-2-4-. Volumetrías de precipitación

- O nitrato de prata como reactivo
- Determinación do contido en cloro polos métodos de Volhard e Mohr

2-2-5-. Gravimetrías

- Determinación do contido en níquel dun aceiro
- Contenido en cloro dunha mostra

2-2-6-. Construción de curvas de calibración e preparación de mostras para o aparello ou técnica correspondente

2-2-7-. Potenciometría e conductimetría

- Medida de conductividades e pH de distintas disolucións

2-2-8-. Recoñecemento de elementos e cálculo de concentracións de disolucións por métodos espectrofotométricos

- Espectrofotometría de chama
- Espectrofotometría ultravioleta-visible

2-2-9-. Probas cromatográficas

- Separación de substancias por cromatografía en capa fina

2-2-10-. Volumetrías acido-base usando un valorador automático

- Normalización dunha disolución de ácido clorhídrico.

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

HORAS FORMATIVAS DO MÓDULO: 320

PRIMEIRA PARTE – PARTE TEÓRICA

Tempo estimado: Primer trimestre, dende o inicio do curso ata Nadal

BLOQUE – 1 Tempo estimado: Mes de Outubro

NATUREZA E LINGUAXE DOS COMPOSTOS QUÍMICOS

UT.1-1.: Estrutura atómica

- Partículas elementais
- Modelos atómicos. Estrutura electrónica
- Tipos de elementos e configuracións
- Táboa periódica dos elementos

UT.1-2.: Átomos e moléculas

- O problema de contar átomos
- O concepto de mol
- Masa atómica e molecular
- Formulación química

UT.1-3.: O estado gaseoso

- As variables dos gases
- Leis dos gases ideais
- Transformacións entre os estados dun gas

UT.1-4.: Disolucións

- Concepto de disolución
- Compoñentes dunha disolución
- Estados físicos e tipos
- Concentración dunha disolución. Unidades
- Preparación de disolucións

UT.1-5.: Enlace Químico

- Xeneralidades sobre o enlace
- Enlace iónico
- Enlace covalente
- Características dos elementos segundo o seu enlace
- Forzas intermoleculares
- Transición entre enlace iónico e covalente
- Polaridade de enlace.

BLOQUE – 2 Tempo estimado: Mes de Novembro e ata o 15 de Decembro

REACCIÓNS QUÍMICAS

UT.2-1.: Concepto de reacción química

- Elementos e particularidades dunha reacción
- Lei de Lavoisier. Axuste dunha reacción
- Estequiometría
- Tipos de reaccións

UT.2-2.: Enerxía das reaccións químicas

- Intercambio energético nunha reacción
- Termoquímica. Concepto de entalpía.
- Lei de Hess

UT.2-3.: Mecanismo das reaccións

- Cinética química
- Concepto de velocidade dunha reacción
- Factores que afectan á velocidade

UT.2-4.: Equilibrio químico

- Concepto de equilibrio
- Expresión da constante de equilibrio
- Lei de lle Chatelier
- Factores que afectan ao equilibrio

UT.2-5.: Reaccións acedo-base

- Concepto de ácidos e bases segundo Brönsted e Lowry
- Ionización
- Produto iónico do auga
- Concepto de pH, pOH e pK
- Variación do pH nunha reacción química
- Reaccións de neutralización
- Indicadores

UT.2-6.: Reaccións de Oxidorreducción

- Concepto electrónico de oxidorreducción
- Axuste de ecuacións redox
- Electroquímica
- Pila eléctrica
- Potencial de electrodo
- Electrolisis
- Predicción de procesos redox.

UT.2-7.: Reaccións de precipitación

- Solubilidade
- O fenómeno da precipitación
- Equilibrio de solubilidade
- Factores que afectan ao equilibrio
- Efecto do ión común
- Solubilización de precipitados

UT.2-8.: Química Orgánica

- Compostos orgánicos. O átomo de carbono
- Isomería
- Nomenclatura de hidrocarburos
- Grupos funcionais

SEGUNDA PARTE : PARTE PRÁCTICA

BLOQUE – I Tempo estimado : Xaneiro e ata o 15 de Marzo

ANÁLISE QUÍMICO CUALITATIVO

UT.1-1.: Ideas Básicas

- Terminoloxía e conceptos xerais
- Sensibilidade, selectividade, precisión, exactitude e cuantitividade
- Tipos de reactivos e reaccións analíticas
- Bases químicas de identificación de catións

UT.1.2.: Marcha analítica de Catións

- Marcha analítica do Carbonato sódico
- Grupos de catións, separacións e identificacións.
- **Traballo experimental**

BLOQUE – II Tempo estimado : dende o 15 de Marzo ata o 10 de Maio

ANÁLISE QUÍMICO CUANTITATIVO

UT.2.1.: Análise Volumétrico

- Xeneralidades
- Reaccións volumétricas
- Reactivos e patróns
- Punto de equivalencia e punto final
- Indicadores
- Curvas de valoración

UT.2.2.: Tipos de análises volumétrico

- Volumetrías acido-base
- „ de formación de complexos
- „ de oxidorreducción
- „ de precipitación
- **Traballo experimental**

BLOQUE – III Tempo estimado: Do 10 de Maio ata o 10 de Xuño

TRABALLO CON APARELLOS E OUTROS EQUIPOS

UT.3.1.: Espectrofotometría de absorción

- A radiación electromagnética
- Absorción e emisión de enerxía por unha mostra
- A luz como reactivo analítico
- Ley de Beer-Lambert
- O espectrofotómetro de absorción
- Recta de calibrado

UT.3.2.: pHmetría e Conductimetría

- A determinación electrónica do pH
- Ideas básicas de conductimetría
- Rectas de calibración e medidas

UT.3.3.: Métodos Gravimétricos

- Generalidades sobre o análise gravimétrico
- Formación e tratamento de precipitados con fins gravimétricos
- A pesada
- Tratamentos posteriores
- Cálculos

UT.3.4.: Métodos Cromatográficos

- Conceptos xerais
- Eluintes e preparación de mostras
- Cromatografías en papel, columna e capa fina
- Aplicacións analíticas

UT.3.5.: Valoradores automáticos

- Sistemas informáticos de valoración
- Utilización do valorador Mettler-Toledo nunha volumetría acedo-base

TRABALLOS DE LABORATORIO ASOCIADOS AO MÓDULO DE QUÍMICA E ANÁLISE QUÍMICA

1-. Identificación cualitativa dalgúns aniones e cationes

2-. Volumetrías acedo-base

- Normalización das disolucións de ácidos e bases
- Determinación do contido en carbonato e bicarbonato de unha mostra
- Determinación do contido en ácido dun vinagre comercial

3-. Volumetrías de formación de complexos

- Determinación de Calcio e magnesio nunha mostra
- Determinación da dureza dunha mostra de auga

4-. Volumetrías redox

- Permanganimetrías
- Yodimetrías
- Determinación da concentración de unha mostra de auga osixenada
- Contido en cloro dunha lixivia comercial

5-. Volumetrías de precipitación

- Determinación do contido en cloro nunha mostra mediante unha disolución normalizada de nitrato de prata

6-. Gravimetrías

- Determinación do contido en Niquel dun aceiro

7-. Construción de curvas de calibraxe e preparación de mostras para o aparello ou técnica correspondente

8-. Potenciometría e conductimetría

- Medida de conductividades e pH de varias disolucións

9-. Recoñecemento de compostos e cálculo de concentracións por métodos espectrofotométricos:

- Espectrofotometría de chama
- „ ultravioleta – visible

10-. Determinación de Nitróxeno orgánico polo método Kjeldahl

11-. Polarimetría

12-. Probas cromatográficas

- Separación de sustancias por cromatografía en capa fina

13-. Volumetrías acedo-base utilizando un valorador automático

- Normalización dunha disolución de ácido clorhídrico

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Como se trata de módulos de formación profesional, avaliaranse principalmente as actividades procedimentais e actitudinais coa finalidade de avaliar as habilidades para o traballo e a integración cos compañeiros nun ambiente de traballo.

Teranse en conta os diferentes coñecementos previos e a velocidade de aprendizaxe de cada alumno/a facendo unha avaliación contínua e individualizada, de xeito que:

- Os alumnos/as que non acaden os obxetivos mínimos das unidades didácticas nas primeiras actividades das mesmas, poderán acadalos presentando traballos adicionais, repetindo practicas básicas de laboratorio, e aplicando estes coñecementos mínimos nas seguintes unidades didácticas do módulo (cada unidade didáctica susténtase nas anteriores, sendo ata a última, unha unidade integradora de todo o aprendido no módulo)
- Os alumnos/as máis avantaxados, que acadasen os obxetivos previstos nas primeiras actividades, realizarán outras máis complexas ou menos detalladas, onde se afonde nos coñecementos adquiridos, mentres que aqueles/as alumnos/as que non acaden estes mínimos (adaptación curricular) realizarán outras diferentes, durante o mesmo período de tempo, máis simples e con outra metodoloxía, ou máis secuenciadas, ou dalgún xeito na que o alumno teña oportunidades de acadar os fins propostos.

ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

1-. No primeiro trimestre, durante o desenvolvemento do programa básico de química xeral explicáense en clase os conceptos fundamentais de cada tema dedicando atención primordial a adquirir a destreza necesaria nos cálculos correspondentes que, no seu momento, van permitir levar a cabo na mesa de laboratorio o traballo analítico experimental. Todo o aparello conceptual teórico será en calquera caso o mínimo imprescindible que permita levar a bo termo o traballo experimental. Oa alumna confeccionará uns apuntes baixo a supervisión semanal do profesor, así como un caderno de exercicios de aplicación practica dos conceptos teóricos explicados.

2-. Na parte práctica constituiranse grupos de traballo cun mínimo de dous alumnas e un máximo de tres, evitándose en calquera caso que ningún alumna traballe só para favorecer desta forma a súa adaptación ao traballo en equipo, pero evitando na medida do posible grupos superiores que dificulten o traballo persoal. En calquera caso o número de alumnas por grupo estará condicionado tanto á relación número de alumnos-espazo dispoñible como á dispoñibilidade do material de laboratorio, neste aspecto procurarase que todos os grupos de traballo realicen a mesma tarefa de forma simultánea, para mellor atención por parte do profesor. Polo mesmo motivo reserváense para o final aqueles traballos que impliquen a utilización dalgún aparello do que só haxa unha unidade (espectrofotómetro, valorador automático, conductímetro, pHmetro, etc) para facer unha quenda rotatorio de utilización.

MATERIAIS E RECURSOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

1-. Para as actividades do primeiro trimestre, ademais de confeccionar apúntelos de clase e o caderno de exemplos prácticos osas alumnas disporán para a súa consulta de libros de química xeral elemental, utilizaranse para este fin libros do antigo bacharelato e COU. Cunha periodicidade non maior a unha semana realizen unha revisión bibliográfica baixo a

supervisión do profesor que os axude tanto a completar as explicacións de clase como, en calquera caso, a adquirir un nova visión do tratado.

2-. Para o traballo experimental disporase do material típico dun laboratorio de análise, produtos químicos necesarios, espectrofotómetro ultravioleta-visible, espectrofotómetro de chama, pHmetro, conductímetro e valorador automático.

Así mesmo disporase tamén de material bibliográfico de consulta

- Atlas e libros de constantes químicas e físico-químicas
- Catálogos e manuais
- Química Analítica Cualitativa (F.Burriel e F. Lucena) Ed Paraninfo
- Química Analítica Cuantitativa (Skoog e West) Ed Mc Graw Hill

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Débense avaliar os seguintes aspectos

- Formulación química: debido á necesidade ineludible de que os alumnos deben recoñecer os compostos químicos e elementos típicos dun laboratorio de análise.
- Coñecementos básicos de química elemental: enfocado a que os alumnos deben de ser capaces de desenvolver satisfactoriamente o cálculo mínimo necesario para poder programar, realizar e interpretar análises químicas cualitativos e cuantitativos.
- Se debe avaliar tamén a destreza adquirida en práctica experimental, non só na obtención duns resultados analíticos adecuados senón na capacidade para interpretar e resolver calquera incidencia no transcurso dunha análise
- Se terán tamén en conta finalmente, a súa actitude, interese no traballo, limpeza e orde o os informes sobre os resultados obtidos así como a súa integración e espírito de traballo en equipo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Durante o transcurso da parte teórica no primeiro trimestre, correspondente á primeira avaliación, farasen polo menos dúas exámenes escritos, nos que se terá en conta tanto a claridade e grado de comprensión dos conceptos teóricos como a capacidade adquirida na realización de cálculos numéricos sinxelos. Ambos exámenes constarán de dez preguntas ou cuestións teórico-prácticas, cualificadas cada unha de cero a un punto.

Antes de realizar o exame final da parte teórica farase un exercicio de **formulación inorgánica**, consistente no recoñecemento e escritura de vinte fórmulas. O aprobado deste exercicio considerárase indispensable para poder alcanzar o aprobado no exame final da parte teórica. O exercicio final da parte teórica constará igualmente de dez preguntas sobre conceptos fundamentais e cuestións teórico-prácticas do programa básico de química desenvolvido ao longo do primeiro trimestre. A calificación positiva na proba anterior é imprescindible para alcanzar o aprobado na nota final do módulo formativo.

As cualificacións da segunda e terceira avaliación, obterasen tendo en conta o traballo experimental, tendo en conta os dous aspectos seguintes:

- **Parte experimental:** Entregarasen informes escritos sobre os análises e ensaios realizados no laboratorio, nos que se valorarán tanto os resultados obtidos nas identificacións analíticas cualitativas e cuantitativas como na claridade, precisión e grado de expresión para describir a técnica de traballo empregada e os resultados

obtidos. Cada informe será devolto ao alumnao después de corrixido e discutirase de forma persoalizada polo profesor e cada alumno ou grupo de traballo.

- **Test Escrito:** consistente en dez preguntas curtas sobre cuestións relacionadas co traballo experimental realizado ou supostos prácticos

“MÍNIMOS EXIXIBLES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA”

1.- Nos módulos de Operacións Básicas de Laboratorio, Ensayos Físicos e Físicoquímicos e Probas Microbiolóxicas para obter a cualificación teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Aspectos xerais** (valoración subxectiva): Os aspectos xerais da avaliación serán considerados a diario polo profesor, valorando a capacidade de traballo en grupo e integración, a actitude na aula e no laboratorio, o grao de execución das tarefas encomendadas, o respecto as normas, as inquietudes pola investigación, etc. Os aspectos xerais corresponde ó **20 % da cualificación final.**
- **Aspectos específicos** (valoración obxectiva): Como son módulos fundamentalmente deseñados para que o alumno adquira habilidades manuais ou destrezas, non exentos de coñecementos, a valoración total de nota deberá ser determinado polos contidos procedimentais e actitudinais desenvolvimos na proba práctica, nos traballos ou informes prácticos presentados e nos mantementos do caderno de laboratorio. Unha porcentaxe da nota virá determinado pola cualificación da proba teórica escrita individual.

Na 1ª avaliación predominan os coñecementos conceptuais, mentres que nas dúas seguintes predominan os procedimentais, sen esquecer os actitudinais, ademais como a avaliación é contínua a cualificación por avaliación será ponderada.

No seguinte cadro indícanse as porcentaxes de nota por avaliación e como se determina a cualificación ponderada

Avaliación	Aspectos Xerais Valoración subxectiva	Aspectos Xerais Valoración Obxectiva		Nota ponderada
		Proba Teórica	Proba Práctica	
1ª	20%	50%	30%	1ª
2ª	20%	30%	50%	35% 1ª+65% 2ª
3ª	20%	30%	50%	20% 1ª+30% 2ª+50% 3ª

É importante destacar que a evolución de cada alumno nas distintas probas escritas é un excelente indicador da evolución de cada alumno/a, constituindo para o profesor unha valiosa ferramenta de avaliación procesual. Ademais do seu carácter de avaliación, non se pode obviar o carácter formativo das probas escritas, xa que son un momento excepcional para que o alumno reflexione sobre os contidos tratados e xurdan dúbidas, e a súa resolución contribuirá a que as aprendizaxes adquiridas sexan verdadeiramente significativas.

É necesario ter en conta, como é fácil de comprender que, **no módulo de Información e Seguridade no Laboratorio**, como se trata dun módulo de contido teórico, non son de aplicación os criterios expostos.

2-. No módulo de Química- Análisis Químico as calificacións obteranse seguindo os seguintes criterios:

- A proba de formulación constará de vinte fórmulas/nomes e aceptaranse como máximo catro erros para alcanzar a calificación de aptitud
- No transcurso da parte teórica, cada exame constará de dez preguntas tipo cuestión teórico-practico; cada unha delas será calificada con un punto e para alcanzar a calificación de aprobado será necesario sumar cinco puntos. A parte teórica considerárase aprobada cando tendo superada a proba de formulación se alcance una calificación mínima de cinco puntos no último examen da parte teórica.
- As calificacións da segunda e terceira avaliación obteranse tendo en conta o traballo experimental segundo os seguintes criterios:

Parte experimental: Entregarasen informes escritos sobre os análisis e ensaios realizados no laboratorio, nos que se valorarán tanto os resultados obtidos nas identificacións analíticas cualitativas e cuantitativas como na claridade, precisión e grado de expresión para describir a técnica de traballo empregada e os resultados obtidos. Cada informe será devolto ao alumnao despois de corrixido e discutirse de forma persoalizada polo profesor e cada alumno ou grupo de traballo, calificándose finalmente con ben, regular ou mal en función de todos os aspectos mencionados anteriormente.

Test Escrito: consistente en dez preguntas curtas sobre cuestións relacionadas co traballo experimental realizado ou supostos prácticos. Cada pregunta cualificarase de cero a un, estableciéndose o aprobado en cinco puntos.

Obtención da calificación final :

A nota consta de dous partes:

Nota do traballo experimental = X_p Obtida da seguinte forma

10/ nº de informes entregados = x

nº de informes ben $\cdot x = x_1$

nº de informes regular $\cdot x/2 = x_2$

nº de informes mal $\cdot 0 = 0$

nº de informes non entregados $\cdot (-x) = -x_3$

$$X_p = x_1 + x_2 - x_3$$

Nota do test escrito = E Obtida según explicouse anteriormente

Nota da avaliación = N_E Sendo N_E a nota media entre X_p e E , sempre que se cumpra que cada unha das notas anteriores alcance o valor de tres

Considerarase aprobado na avaliación toda nota igual ou superior a cinco.

NOTA FINAL DO MÓDULO : A nota final de Xuño, sempre que se teña superada a parte teórica, será a última N_E obtida, que se completará ao alza tendo en conta os

resultados obtidos na parte teórica, así como o nivel de progreso, superación e interés demostrado ao longo do curso.

“DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL”

Está previsto realizar unha sesión de avaliación inicial unha vez transcorridas as primeiras semanas de curso. Esta avaliación levaráse a cabo durante a segunda quincena do mes de Outubro, co obxecto de ter un tempo razoable para analizar, tanto as características persoais do alumnado, como a súa actitude, predisposición e coñecementos de base sobre as distintas materias que se desenvolverán ao longo do curso.

Nesta reunión procurarás establecer unha relación entre as características persoais do alumno/a co perfil profesional do ciclo, para o que se terán en conta as seguintes particularidades:

- As circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, do alumnado do grupo, obtida do análisis das fichas persoais cumprimentadas ao principio do curso
- Os informes que se puideron obter sobre calquera dos seus estudos anteriormente realizados, así como o procedemento de acceso ao ciclo.
- A presenza de algún/na alumno/a discapacitado/a ou con algún problema especial que puidese afectar de forma apreciable ao seu rendemento académico
- A experiencia profesional previa, se existise.
- A súa actitude, interés, intencións académicas ou profesionais futuras, inserción no grupo, así como os resultados obtidos durante os días de curso transcorridos.

Todo iso, ha de permitir elaborar un esquema, tanto xeral como individualizado, de atención- traballo que se adapte, na medida do posible, á situación persoal de cada alumno/a e permita o mellor aproveitamento do curso.

“CRITERIOS E PAUTAS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO QUE TEÑA PERDIDO O DIREITO A AVALIACIÓN CONTÍNUA”

De acordo coa Orde de 16 de xullo de 2002 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa os ensinos de formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade autónoma de Galicia (DOG de 13 de setembro de 2002), un alumno/a que teña un número de faltas superior ó 10% das sesións do módulo, perderá o directo á avaliación continua do mesmo.

O alumno que perdera o directo á avaliación continua nalgún módulo conservará o directo de asistencia as clases, sen prexuízo de que o profesor poidalle impedir a realización dalgún traballo experimental para o que, dada a súa falta de asistencia regular as clases, no no considere preparado e poida poñer en perigo tanto o material do laboratorio, a súa integridade física o a dos seus compañeiros. Para superar o módulo, os

alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, con carácter xeral, terán que realizar en xuño unha proba sobre os criterios de avaliación, formada por:

- Un exame teórico escrito tipo test que representará un 40% da nota
- Unha proba práctica no laboratorio que representará un 60% da nota

“MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO QUE NON RESPONDA GLOBALMENTE AOS OBXECTIVOS PROGRAMADOS”

Os/as alumnos/as con módulos suspensos ao concluír a convocatoria de Xuño seguirán un programa de recuperación e apoio durante o tempo que vai desde o principio do seguinte curso académico no mes de setembro, ata os exames extraordinarios nos términos que seña a normativa legal. Debese ter en conta que este período de tempo resulta bastante problemático para este alumnado, debido a que a súa asistencia as clases normais do novo curso non se adapta, como é fácil de comprender, as súas necesidades específicas, o que pode producir o seu distanciamento do ritmo de traballo e o posible fracaso nos exames extraordinarios, por tal motivo o traballo debese de realizar baixo unha supervisión constante do profesor, ademais **ten que ser adaptada a súa problemática persoal, tendo incidencia fundamental en aquelas partes da materia onde floxese mais ao longo do curso, pólo que neste caso non se debe falar dun programa concreto de recuperación, senón mais bem dunha adaptación do tempo dispoñible a súa realidade.**

“PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN”

- Asistencia do alumno/a as clases regulares do módulo ou módulos que teña suspensos durante o primeiro trimestre do curso seguinte. É de facer constar que esta asistencia, o mais regular posible ás clases, considérase imprescindible para evitar, por unha banda, o illamento do alumno/a de o grupo de traballo e por outra a perda do hábito de traballo.
- Acondicionamiento, por parte do profesor, dun programa de repaso adaptado no tempo e espazo do módulo ou módulos que teña suspensos. Este acondicionamiento pasa por un plan de traballo no que, de primeira entrada, a materia do programa debese dividir en tres partes correspondentes aos tres meses aproximados que dura o período de recuperación hasta o examen extraordinario de decembro, incidindo fundamentalmente na parte ou partes mais floxas segundo dos resultados obtidos no curso anterior.
- Reunións semanais co profesor para que este poida avaliar o seu progreso no programa anterior

O profesor encomendaralle traballos persoais con carácter semanal asistidos, tanto pola súa propia dirección, como polo apoio de toda a bibliografía necesaria. Estes traballos deberán implicar necesariamente:

- A utilización dos apuntes confeccionados durante o curso anterior en canto a revisión de conceptos fundamentais se refire

- Emprego do caderno de exercicios de aplicación a resolución de cálculos en supostos practicos. Problemas-tipo seleccionados polo profesor de acordo cos seus resultados
- Revisión do caderno de laboratorio onde poda atopar os métodos e procedementos analíticos dos traballos realizados no laboratorio

En calquera caso e imprescindible o contacto directo co/a alumno/a, xa que e bastante normal neste tipo de ensino, que dada a idade do alumnado, esté alternando o estudio con algun outro tipo de traballo ao marxen do ensino. Programarase polo tanto neste ultimo e frecuente suposto **unha reunión semanal como mínimo**, na que se poida realizar o seguimento dunha maneira axeitada, responder dubidas e calquera outro tipo de axuda de cara a superación do exame.

“METODOLOXÍA DIDÁCTICA”

O alumno debe aprender a realizar o seu traballo pensando e seguindo “o método de traballo de laboratorio”, neste sentido todas as actividades formativas que sexa necesario aplicar serán encamiñadas a guiar da forma máis segura o seu traballo no laboratorio.

As liñas mestras que deben ser desenvolvidas con carácter xeral pódense secuenciar da seguinte forma:

1. Ler e comprender todo o proceso práctico a desenvolver realizando un esquema que represente a liña xeral do procedemento a seguir, incluíndo toda a bibliografía complementaria adecuada.
2. Preparación do material
3. Avaliación de todos os reactivos e aparellos implicados no mesmo, detectando calquera carencia ou anomalía.
4. Comprobar o correcto funcionamento dos equipos.
5. Preparar as disolucións ou poñer a punto todos os reactivos necesarios para o proceso.
6. Realizar as probas, ensaios ou análises correspondentes seguindo con rigor toda a metodoloxía conveniente.
7. Anotación correcta e ordenada dos resultados obtidos no caderno de laboratorio.
8. Manter a orde, limpeza e medidas de seguridade tanto dos equipos como do posto de traballo.
9. Elevar os informes adecuados a quen corresponda.

Estímase que un aspecto importante da formación do alumno é que adquira o costume e capacidade de complementar o seu traballo no laboratorio cunha adecuada soltura no manexo de todo o material bibliográfico referente aos temas que en cada momento lle poidan ocupar.

Neste sentido debe aprender a facer uso, entre outros, dos seguintes grupos de elementos de consulta e apoio:

1º.- Textos de Química, Física e Bioloxía Xeral que nun momento determinado poidan serlle de axuda na comprensión de determinadas materias.

2º.- Libros especializados en análise clásica e instrumental que poidan asistirle en calquera problema que se poida presentar durante a realización dos mesmos.

3º.- Atlas, dicionarios e libros de constantes Químicas e Físico-químicas, como material cuxo uso resulta normalmente imprescindible nos cálculos que se han de levar a cabo na preparación e realización dos distintos procesos de calquera laboratorio.

4º.- Material e catálogos explicativos do funcionamento e posibles anomalías dos distintos equipos que poida estar utilizando.

Por todo iso, suxíreselles o seguinte material como obxecto de consulta, tendo coidado de que, na medida do posible, este material atópanse á súa disposición na biblioteca do Centro:

- Química Xeral
K. W. Whitten e K. D. Gailey
Ed. Mc. Graw Hill

- Química Analítica Cualitativa
F. Burriel. F. Lucena. S. Arribas e J. Hernandez
Ed Paraninfo.

- Química Analítica Cuantitativa
Skoog e West
Ed Mc Graw Hill

- Técnicas Analíticas de Separación
M. Valcarcel e A. Gomez
Ed Reverté

- Métodos Microbiolóxicos
Colins e Line
Ed Acribia

- Técnicas Básicas de laboratorio de química
Alvarez Ros
Ed. Akal. Madrid

“ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS”

Nos ciclos formativos da familia de química é escaso, normalmente, o alumnado con necesidades educativas específicas. No caso de alumnos/as con algún tipo de minusvalía física compatible co ciclo, virán acompañados dun informe no que se especifica o tipo e grao de discapacidade e a forma máis axeitada de adaptación, sendo o Departamento de Orientación o que, en derradeira instancia, establece o protocolo adecuado de actuación.

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidaes de apoio específico o justifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (Punto 9.5 da Orde 9 de abril de 2008. DOG N° 73 de 17/04/2008) previa solicitude de flexibilización modular.

Intentarase presta-la máxima atención para detectar calquera situación que requira unha intervención educativa específica. Se isto sucede, colaboraremos estreitamente co departamento de orientación, levando a cabo todas aquelas accións que fosen necesarias, sempre no marco da legislación vixente para tal efecto. En calquera caso prestarase especial atención á diversidade, sendo conscente de que o ritmo de aprendizaxe, motivación, etc, variará duns alumnos a outros.

“PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES”

A relación entre o profesor/a e o alumnado debe estar baseada en todo momento no mutuo respecto e nas obrigacións que ambas as partes deben observar para que o proceso de aprendizaxe teña o final apetecido. Fomentarase de forma especial a actitude tolerante cara á aceptación da propia realidade e circunstancia persoal de cada un, facendo ver que o progreso científico debe estar encamiñado á formación integral da persoa. A ciencia é un camiño cara á liberdade e o alumnado debe aprender a rexeitar contundentemente calquera discriminación baseada no sexo, condición social, procedencia ou relixión.

“ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS”

Non se previron actividades extraescolares nin complementarias concretas. Sen excluír a posibilidade de que, según a marcha do curso, decídase programar algunha que se estime de interese, a parte da participación nas actividades xerais que organice o centro e que poidan resultar aproveitables para as características específicas do ciclo.

“PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN”

O impacto e resultado da presente programación írase medindo nas súas distintas partes durante as reunións semanais de departamento, e a análise global da mesma realizarase na reunión final de curso onde, ao considerar os resultados obtidos, introduciranse os cambios e correccións que se estimen oportunos de face ao seguinte curso.

PROFESORES DOS MÓDULOS DE LABORATORIO DURANTE O PRESENTE CURSO ACADÉMICO 2011 – 2012

Módulo: Ensaio Físico – Químicos :	Dña M ^a Gloria Iglesia Cabaneiro
Módulo: Inf e Seguridade no laboratorio:	Dña M ^a Paz Félix Chamosa
Módulo: Operacións básicas de laboratorio:	Dña M ^a Gloria Iglesia Cabaneiro
Módulo: Probas Microbiolóxicas:	Dña M ^a Gloria Iglesia Cabaneiro
Módulo: Química e Análise Química:	Dña M ^a Paz Félix Chamosa